



### Polos nosos dereitos... Igualdade!

O 8 de marzo de 2017 conmemórase nun contexto histórico e político cheo de dificultades para a sociedade en xeral e para as mulleres en particular.

O contexto do que falamos está marcado polo ascenso da extrema dereita e do populismo no mundo occidental como consecuencia das políticas reaccionarias levadas a cabo polos gobernos europeos, do repregamento da social democracia a favor dos mercados e dos envites que sofre a esquerda alí onde consegue marxes de influencia.

Este mundo capitalista dominado por grandes multinacionais e fortunas, por monopolios e mercados, e pola constante utilización da guerra como ferramenta contra os pobos, supón para as mulleres a parálise de case todas as políticas públicas que estaban encamiñadas a conseguir maiores cotas de igualdade e, aínda peor, representa o avance dunha cultura que despreza a idea que a igualdade como o principal principio para a convivencia.

Ante este panorama de menosprezo á idea de igualdade no imaxinario colectivo, desde Esquerda Unida entendemos que é máis importante que nunca unha aposta firme polo feminismo como alicerce fundamental de transformación social. É imprescindible, así mesmo, o recoñecemento da loita feminista, que persegue a consecución da igualdade real, desde o respecto á diversidade.

O feminismo que modifica a política, transformando os seus obxectivos en universais. Ese feminismo que infrinxe os roles preestablecidos e persegue a liberdade e a autonomía das mulleres a través do compromiso político colectivo. O feminismo que loita contra o uso e exhibición constante das mulleres como obxectos, como mercadoría, xa sexa a través da explotación sexual ou alugando os nosos úteros.

O feminismo que defende traballos e salarios iguais; que loita contra a precariedade laboral e a feminización da pobreza e que interpela os comportamentos misóxinos reivindicando a nosa visibilidade en todos os espazos.

O feminismo que reivindica acordos non testemuñais, senón que impliquen e garantan os instrumentos e orzamentos necesarios para a consolidación dos avances alcanzados loitando polos dereitos aínda pendentes.

Para acadarmos unha sociedade xusta e sen desigualdades, a perspectiva de xénero debe impregnar todos os aspectos esenciais da nosa vida. Por iso, precisamos a práctica e a política feministas, para que a igualdade real entre mulleres e homes sexa real e sexa visibilizada na educación, na saúde, na historia, na cultura, na economía e no mundo do traballo, así como nos demais eidos da nosa vida en sociedade.

Dende Esquerda Unida apostamos por un feminismo que desposúa ao patriarcado dos seus privilexios, única fórmula para que as mulleres podamos acadar a igualdade real. Non queremos esperar "tempos mellores", queremos conseguir todos os nosos dereitos: **AGORA é o momento.**

### Sen feminismo non hai democracia